



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

Expte: 2653/232  
Remata: 7-10-2024

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 23 de AGOSTO de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

**8.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2024. EXPTE. 12854/224.**

Visto o informe de fiscalización do 13/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a asesora xurídica do servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26 de abril de 2024 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2024.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 03/05/2024 e 08/05/2024, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 9 de maio e rematou o 23 de maio de 2024.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 54 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o estipulado na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:00	Páxina 1 de 7
240252337	CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por Dona Ana Laura Iglesias González, concelleira delegada de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, Dona Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e Dona Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 23 de xullo de 2024 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

Das 54 solicitudes presentadas: 2 entidades presentaron renuncia expresa da súa solicitude, 8 entidades son propostas para a desestimación da súa solicitude por considerar o órgano instrutor que non son conformes coas bases reguladoras do programa e por proposta da Comisión de avaliación e as restantes 44 entidades solicitantes son propostas para concesión de subvención.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder do Servizo de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *"Promoción da igualdade e do deporte feminino"* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2024", por un importe total de noventa e un mil cincocentos euros (91.500,00 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.

**2º.-** Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por renuncia expresa da súa solicitude, conforme co artigo 94.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- "Asociación de ayuda a los toxicómanos ÉRGUETE" con CIF: G36642726. Proxecto "Bagstp". Expte 12944-224. Presenta escrito asinado pola súa presidenta en data 28.06.2024, con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc 240209340), na que fai constar a renuncia da solicitude presentada en data 16.05.2024.
- "Fundación Integra para la discapacidad intelectual", con CIF: G36880615. Proxecto "Unha fiestra ó mundo dixital". Expte 12985-224. Presenta escrito asinado pola súa presidenta en data 16.07.2024 con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:00	Páxina 2 de 7
240252337	CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

240223383), na que fai constar que a entidade desiste da solicitude presentada en data 23.05.2024.

3º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Porque non se atopan debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude ( apartado b) da base 5ª):

- “Escudería Vigo Clásicos” con CIF G27732049. (Expte núm. 12935-224).
- “Asociación Cidel Galicia” con CIF G01849983 (Expte núm. 12990-224).
- “Asociación cultural Lar de Sopas” con CIF G56818164 (Expte núm. 12980-224).
- “Arnela. Sociedad Cooperativa Galega” con CIF F72575616 (Expte núm. 12938-224).

b) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración e, tal e como queda reflectido na acta de valoración de data 23 de xullo de 2024, o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo e o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo (apartado 2.e da base quinta); e porque se trata dun proxecto que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo (apartado 2.d da base quinta):

- “AECC. Asociación Española Contra o Cancro”, con CIF: G28197564. Proxecto: “Moito por gañar: programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica”. Expediente: 12.991-224.
- “Down Vigo: Asociación para Síndrome de Down”, con CIF: G36697324. Proxecto: “Muller: educación para a saúde”. Expediente: 12.972-224. cto conveniado: *bloque 14: relacións afectivo sexuais e 15 habilidades básicas*.
- “AFAGA. Asociación de familiares de enfermas/os de alzheimer”, con CIF: G36776920. Proxecto: “Ao teu carón. Acompañamento interdisciplinario a mulleres cuidadoras”. Expediente 12.961-224.

c) Porque o proxecto presentado non acada a puntuación mínima de 10 puntos que establece o apartado 1 da Base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2k) da Base Quinta, este proxectos non será subvencionable, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado:

- “Asociación SODIM (Sociedad para el desarrollo de ideas técnicas minusválidos físicos)” con CIF G36633022, para o proxecto “Titulación navegación”, expte núm. 12975-224.

4º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:00	Páxina 3 de 7
240252337	CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:00	Páxina 4 de 7
240252337	CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANEXO I. ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

EXPTÉ.	CIF	ENTIDADE BENEFICIARIA	NOME DO PROXECTO	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
12936	G36380301	ASOCIACIÓN DIAGNOSTICADAS DE CÁNCRO DE MAMA E XINECOLÓXICO	PROMOCIÓN DA SAÚDE NAS MULLERES DIAGNOSTICADAS DE CÁNCRO 2024	29	3,000.00 €	3,000.00 €
12937	G277826959	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	XORNADA "SOLTANDO AMARRAS"	34	3,000.00 €	3,000.00 €
12938	G27745397	FUNDACIÓN PARA A PESCA E O MARISQUEO	X XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	31.75	1,500.00 €	1,500.00 €
12940	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	FALADOIRO SOBRE SEXUALIDADE	25	550.00 €	550.00 €
12941	G36619468	ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA DA PARROQUIA DO CRISTO DA VICTORIA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	41	3,000.00 €	3,000.00 €
12945	G15220577	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA	IGUALHEMOS 2024: XORNADA FORMATIVA PARA MULLERES CON COAGULOPATÍAS	24	544.99 €	544.99 €
12947	G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	MANTER EN FORMA O ESTADO FÍSICO E MENTAL (PILATES)	16	3,000.00 €	1,938.38 €
12948	V36658680	CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE CABRAL VIGO	TALLERES CREATIVOS DE PINTA LO QUE QUIERAS	25	2,650.00 €	2,650.00 €
12949	G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	36	3,000.00 €	3,000.00 €
12950	G36661078	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO OLIMPIA	29	1,242.00 €	1,242.00 €
12951	G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	36	3,000.00 €	3,000.00 €
12952	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES VIGO ACTIVAS-2024	25	3,000.00 €	3,000.00 €
12953	G36654036	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	INTELIXENCIA EMOCIONAL APLICADA AO NOSO DÍA A DÍA	21	1,650.00 €	1,650.00 €
12954	G36648608	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	SAÚDE FÍSICA E MENTAL PARA AS MULLERES NA SOCIEDADE ACTUAL	18	886.45 €	886.45 €
12955	G36620637	ASOCIACIÓN GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	CURSO DE PANDEIRETEIRAS 2023-2024	18	2,329.42 €	2,180.66 €
12957	G36695993	ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO DE CANTO TRADICIONAL GALEGO	18	1,650.00 €	1,650.00 €
12958	G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	ELAS. AS DE BOUZAS. 2ª EDICIÓN	17	362.02 €	362.02 €
12959	G36642284	ASOCIACIÓN VECIÑAL PLAZA DA MIÑOCA	CONTROL DO ESTRÉS BÉNDE A ACTIVIDADE FÍSICA	25	1,350.00 €	1,350.00 €
12960	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	GRUPO DE MULLERES COIDADORAS DE APAMP II	31	3,000.00 €	3,000.00 €
12962	G27712306	ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+CIENCIA EN FEMININO	31	3,000.00 €	3,000.00 €
12963	G36684991	ASOCIACIÓN VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	CURSO VIVIR EN IGUALDADE	36	3,000.00 €	3,000.00 €
12964	G36998986	FUNDACIÓN CLUSTER CONSERVACIÓN PRODUCTOS DO MAR	X XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	31.75	1,500.00 €	1,500.00 €
12966	G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	SAÚDE E MULLER	18	3,000.00 €	2,180.66 €
12967	G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAÍANS	CERÁMICA DE INICIACIÓN VII	15	1,200.00 €	1,200.00 €
12968	G36648935	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	CONVIVIR EN IGUALDADE	39	3,000.00 €	3,000.00 €
12969	G36964757	ASOCIACIÓN DE MULLERES VIÚVAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	CURSO DE PILATES	16	1,016.40 €	1,016.40 €
12970	G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO FREIXO 2024	29	3,000.00 €	3,000.00 €
12971	G36691855	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMAÑS	MULLERES CREANDO ARTE	14	650.00 €	650.00 €
12973	G15383011	UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXVIII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABALLADORA. OS RETOS PARA A IGUALDADE EFECTIVA	29	3,000.00 €	3,000.00 €
12974	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	COIDADOS E MASCLINIDADES: UN PASO DECISIVO PARA A IGUALDADE	23	2,409.61 €	2,409.61 €
12976	G36628646	ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO	CONCIENCIA E RECREO EMOCIONAL. OBRADOIRO DE BENESTAR E AUTOLIDERADO	37	1,916.44 €	1,916.44 €
12977	G27739861	ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS	MULLERES GALEGAS. CONSERVADORAS E TRANSMISORAS DO PATRIMONIO INMATERIAL	18	3,000.00 €	2,180.66 €
12978	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	ESPAZO NÓS MESMAS	24	2,992.68 €	2,907.55 €
12979	G27852755	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	FEMINISMO AS DA INDUSTRIA	28	3,000.00 €	3,000.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/08/2024 11:00

Páxina 5 de 7

240252337

CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZR-C7APPT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I. ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS (continuación)

EXPTÉ.	CIF	ENTIDADE BENEFICIARIA	NOME DO PROXECTO	Puntos concedidos	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
12981	G38802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	PROGRAMA NÓS. EMPODERAMENTO, AUTOCOIDADO E AMOR PROPIO	15	1.600.00 €	1.600.00 €
12982	G27771195	ASOCIACIÓN VECINAL NOVO VIGO	O SESGO DE XÉNERO NAS NEURODIVERXENCIAS E COMO ATENDER Á DIVERSIDADE	20	275.00 €	275.00 €
12983	G15103112	SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREREIRAS	MEDIDAS E RECURSOS NAS EMPRESAS PARA ALCANZAR A IGUALDADE REAL E EFECTIVA DAS PERSONAS	35	2.777.00 €	2.777.00 €
12984	G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	SEGUIMOS TRABALLANDO POR MELLORAR A NOSSA CALIDADE DE VIDA E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	17	1.900.00 €	1.900.00 €
12986	G38706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA	DEREITOS PARA A IGUALDADE LABORAL	28	3.000.00 €	3.000.00 €
12987	G27753367	FUNDACIÓN FORMAVIGO	MELLORAR O ACCESO LABORAL DAS MULLERES NA CIDADE DE VIGO	17	3.000.00 €	2.059.52 €
12988	G36622793	ASOCIACIÓN VECINAL CRISTO DA VICTORIA	FORMANDO EN IGUALDADE	27	3.000.00 €	3.000.00 €
12989	G36632081	ASOCIACIÓN VECINAL DE BEADE AVGU-CSCR	TALLER DE FLOR EN FLOR	18	1.061.31 €	1.061.31 €
12992	G13821590	ASAL.TAMONTES FEMALE	TERCEIRA E CUARTA EDICIÓ DAS ANDAINAS EN VIGO POR E PARA TODALAS MULLERES	16	3.000.00 €	1.938.38 €
12993	G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	BOUZARTE, ARTE E FEMINISMO DE RUA	20	3.000.00 €	2.422.97 €
						<b>91,500.00 €</b>



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/08/2024 11:00

Páxina 6 de 7

240252337

CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

JVF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:00	Páxina 7 de 7
240252337	CSV: A6A752-4FA7E8-DB86DH-EECZZR-C7APPT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

